

SECRETARIA

ROF		
EXPEDIENT E	Sesión do Pleno do Concello 18.12.2017	Ref. 13/2017
TRÁMITE	Acta	

## ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 18 DE DECEMBRO DE 2017

No Salón de actos do Pazo de Mos, sendo as 10:00 horas do día 18 de decembro de 2017, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

### Asisten os seguintes Srs. Concelleiros e Sras. Concelleiras:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín  
D<sup>a</sup>. Julia Loureiro Campo  
D. Alberto Méndez Lago  
D. José Luis Alonso Seijo  
D. Cándido Pérez Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Sara M<sup>a</sup> Cebreiro Alonso  
D. Camilo Augusto Martínez  
D. Baldomero Lorenzo Giráldez

Polo grupo municipal de GañaMos:

D. Francisco Vázquez Troitiño  
D. Miguel Angel Rodríguez Alonso  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Aurora Giráldez Leirós  
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D<sup>a</sup>. Patricia Pérez Ucha  
D. Emilio Muíños Pumar  
D<sup>a</sup>. Silvia González Pereira

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso

### Secretaria

M<sup>a</sup> Angeles García Villaverde

### Interventora

SECRETARIA

M<sup>a</sup> Emilia García Maneiro

**1. Aprobación do borrador da acta da sesión anterior (20 de novembro de 2017).**

Iníciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos a acta da sesión celebrada con data 20 de novembro de 2017, a acta que resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes da Corporación.

**2. Aprobación inicial do himno municipal do Concello de Mos.**

Explica a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, de 13.12.2017.

Despois de explicar a concelleira de Cultura, Sra. Alonso Cebreiro que o grupo de goberno quere propoñer esta peza como himno municipal. Intervén o Sr. Rodríguez Dasilva e di que o seu grupo absterase e que aínda que consideran a Xulio un gran músico e que aprecia o que fai, o que botan en falta é o procedemento que fose un proceso máis participativo e que se puideran presentar as súas propostas

A Sra. Pérez Ucha manifesta que votaran a favor e que se alegran por Xulio que seguro que lle fai moita ilusión.

O Sr. Aldea Moscoso di que agradece a Xulio esta donación.

A Sra. Alcaldesa, en nome de toda a Corporación, quere agradecerlle a Xulio a entrega e o cariño que mostrou sempre a este Concello.

A continuación, sométese o acordo a votación ordinaria, e por maioría cos votos a favor dos membros do grupo municipal do P.P. (9) e do P.S.deG.-P.S.O.E (3) ) e do B.N.G. (1) , e coa abstención do grupo de GañaMos (4), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o himno municipal do Concello de Mos, sendo a peza musical denominada “Alborada Camiño da Rosa”, da que é compositor Don Xulio Lorenzo.

**Segundo.-** Someter o presente acordo a información pública mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia, por prazo de un mes, para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias que serán resoltas polo Pleno no seu caso. De non presentarse reclamacións en dito prazo, considerarase aprobada definitivamente a proposta sen necesidade de novo acordo expreso polo Pleno.

SECRETARIA

### **3. Aprobación do orzamento municipal 2018.**

Explica a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contratación celebrada o 13 de decembro de 2017.

Explica o concelleiro de Facenda, Sr. Méndez Lago, que hai unha subida de 719.000 euros, que no IBI prevese un incremento de 120.000 euros pola revisión catastral, e o IBI de carácter especial, ou empresas, pasa de 120.00 a 150.000 euros; hai un ingreso de 308.000 euros é o prestamo para a obra de Tameiga, 50.000 euros de incremento de ICIO.

O Sr. Rodríguez Alonso di que se opoñen por varias razóns: que a estimación de ingresos é completamente ficticia e que se ven inclumplindo polo menos nos últimos 2 anos e agora aínda se recolle unha estimación de ingresos superior; que no propio informe de intervención figura que a estimación da revisión catastral non é real e ademais a reversión non terá lugar polo menos ao 30 de xuño. Con respecto ao ICIO incrementase en base ao PXOM que xa entrou en vigor este ano e non subiron tanto as licenzas. No de gasto non se recollen todos, como por exemplo o gasto coa mancomunidade de Vigo, tamén nos gastos farmacéuticos cando xa houbo remanente o ano pasado, establece un complemento específico para o técnico auxiliar da Omix moi superior á de auxiliar administrativo cando é un cargo inferior, os complementos específicos de persoal que foron anulados por sentenza non deberían figurar no orzamento. Tamén se recolle un incremento de gasto social nun 12%, que como non se pode cumprir se encarecen as condicións para acceder as axudas e se é necesario gastar sin ter os ingresos financiase con recoñecementos de crédito de anos posteriores.

O Sr. Muíños Pumar di que os presupostos son feitos á medida do PP pero que non son reais, si se fai comparativa co ano 2016: o IBI rústica e urbana pretendía 5.000 € e se recuperaron 841, outro 2 millóns e se recuperaron solo 1.421.000. En honorarios dirección de obra hai un desfase moi grande; no convenio do Centro de saúde foron cero cando se preveía 11.000. Quere destacar no capítulo de gastos que non se teña en conta as Ampas. Que por todo isot e por mais o grupo socialista non vai a aprobar este presupostos.

O Sr. Aldea Moscoso considera que o IBI está inflado, que dúas partidas importantes como son inversións de viais que se duplica e creación de parques infantis, sobre o centro de saúde xa tiña que estar transferidos; que se legalizan as productividades é para iso modifican as bases de execución do orzamento, con subxectivas que fan levar aos de sempre a productividade polo menos deste xeito se legaliza. Que non están a tempo que o 1 de xaneiro non estarán en vigor. E para rematar de non se fían deste goberno.

A Alcaldesa quere felicitar ao goberno porque un ano mais, en tempo e forma, aprobanse os orzamentos, e que saben que non foron no Pleno de novembro para

SECRETARIA

poder ter claro a cantidade para Escola Infantil, e que se alegra de que se recoñeza que a Alcaldía pode legalizar as produtividade. Quere dicirlle ao Sr. Muiños que claramente o orzamento é o do grupo de goberno por suposto. Sobre a Mancomunidade pensa que non debe existir xa que se trata dunha perda de tempo e diñeiro, que efectivamente hai unha deuda pero que se pagará cando se teña que pagar, despois de que se xustifique. Que se trata dun orzamento donde se mellora o gasto social, a educación, as personas e os servizos pero non é un orzamento inversionista. A continuación fai unha relación das obras de inversións que se pretenden facer pero non estan no orzamento. Dille a Gañamos que son ilusionistas que din o que lle gustaria que fora pero non é así: nin se pecha en negativo, nin hai debuda con provedores, nin somos o gasto social mais pequeno da comarca, nin nos sobran os cartos en gasto social. Continúa dicindo que hai un informe de intervención no que consta que do ano 2016 se deben 77.000 euros que están en vía xudicial por unha reclamación, que o remanente de tesorería é de 452.0000, o aforro neto de 600.000 e un superavit de 1.200.000 euros. Engade que a alza tendo en conta o PXOM é neste orzamento xa que entrou en vigor en xuño deste ano, sobre o gasto farmacéutico que hai un acordo cos sindicatos, que o gasto social sube 200.000 e 600.000 euros para dependencia e que con esta subida rematase as listas de espera; que somos o Concello que colabora mais coas Ampas e que o Centro de saúde se vai transferir xa que espera que sexa antes de rematar o 1º trimestre do vindeiro ano.

A continuación dálle a palabra a interventora que explica que, conforme á liquidación do orzamento 2016, os datos son positivos, o remanente de tesorería para gastos xerais ascende a case medio millón de euros e o resultado orzamentario tamén é de 1.200.000 euros. Con respecto ao orzamento, é elaborado polo grupo de goberno e intervención o que fai é informar neste caso as magnitudes dan positivo, cúmprense a estabilidade orzamentaria, se ben é certo que por prudencia recomendeselle que se debería axustar aos padróns aprobados xa que no caso de que non se cumpriran as previsións que se contemplan neste orzamento poderíase estar en inestabilidade e incurrir en deficit orzamentario, pero trátase dunha previsión do grupo de goberno pero hai que ser prudente e polo de agora vanse cumprindo.

Pregunta o Sr. Rodríguez Alonso si considera as estimacións son excesivas.

Responde que si se compara cos ultimos padróns si.

Sobre as cantidades que se levaron a recoñecemento este ano con respecto a gastos de anos anteriores pregunta hai una estimación.

Non pode dicirlle exactamente.

O Sr. Rodriguez Alonso di que non se pode intentar cadrar a forza e que hai que ter en conta as recomendacións.

Tras o debate, a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría de 9 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular e o voto negativo do grupo municipal GañaMos (3), do P.S.deG.-P.S.O.E (3) e do B.N.G. (1), sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

SECRETARIA

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente os Orzamentos do Concello de Mos para o ano 2018 que ascende a 10.593.731,02 €.

**Segundo.-** Someter a información pública por prazo de 15 días, mediante publicación no BOP.

#### **4. Resolucións de alcaldía.**

Dáse por realizado o trámite.

#### **5. Comunicacóns de Alcaldía.**

A Sra. Cebreiro Alonso comunica que o venres ás 13,00 horas terán lugar os tradicionais pinchos cos funcionarios do Concello o que invita a toda a Corporación.

*(Antes de iniciar o seguinte punto marcha o Sr. Aldea Moscoso).*

#### **6. Rogos e preguntas.**

O **Sr. Rodríguez Alonso** pide que se inste a Fomento ao cumprimento do mandato do Congreso respecto a AP-9 e o cruce de Puxeiros.

O goberno municipal ten disposto algún uso para as instalacións abandonadas de Alfaca? Pensa facer algo para que non sigan deteriorándose deixadas da man?

Responde o Sr. Soto Abadín que acaba de renunciar Aceesca e irá ao vindeiro Pleno xunto coa nova concesión as Escravas da Virxe da Dolorosa que xa presentou un proxecto.

*(Abandona o Pleno o Sr. Rodríguez Alonso)*

O **Sr. Vázquez Troitiño**, pregunta por que aínda non se abriu o pavillón do Peña? a data de apertura era en outubro? vanse arranxar todas as fiestras rotas da fachada que da a baixada de Monte Faquiña?

Responde o concelleiro Sr. Augusto Martínez que xa esta aberto e que se van arranxar as fiestras.

Na acta de xullo, *“inquire a resposta á pregunta feita no pleno anterior sobre movementos de terra que se realizan na parcela do camiño da Fontaiña na zona de afección do novo trazado do Camiño de Santiago. Comprobouse esta actividade? Cal é o resultado de dita comprobación? Responde a concelleira que cando se concedeu a licenza non estaba afectado polo Camiño de Santiago e ten licenza.*

Comprobado o Expediente non ten Licencia se non unha comunicación previa e posteriores requerimentos técnicos que non foron satisfeitos polo

SECRETARIA

solicitante, polo que considera que mintiu a Concelleira : Por que? Pensa facer cumprir a lei ou paralizará este expediente como fai con outros?

Responde a concelleira Sra. Loureiro Campo, que si é una comunicación previa e se fixeron requerimentos. E da por feito que cumpriron ou os técnicos tomaron medidas oportunas.

O Sr. Vazquez Troitiño dille que tera que ela como concelleira de urbanismo dar as ordenes oportunas.

**O Sr. Rodríguez Dasilva**, di que non sabe que pasa en Urbanismo porque hai moitos expedientes abertos que non se están tramitando, informe da policía solicitando presenza dos técnicos, por exemplo hai unha sanción administrativa a Camilo Augusto que caducou e non se incou outra vez, pregunta porque se alarga tanto a tramitación.

Responde a concelleira Sra. Loureiro Campo, o departamento ten moito traballo, o Pxo. trouxo moita carga de traballo, e que para ela o primeiro son as licenzas dos vecinos e das empresas e despois a disciplina, que un expediente avance mais ou menos poden preguntarlle aos técnicos correspondentes, cando se fala dun nome hai que aclarar quen é porque alguen pode pensar que o nomeado é o compañeiro, pero para calquer expediente teñen a disposición aos técnicos e a capacidade de levar exptes adiante ou non de propoñer ou de abrir expediente está unicamente nos técnicos.

O Sr. Rodríguez Dasilva pensa que se trata dunha fonte de ingresos que se está perdendo e que habería que buscar solución e que hai expedientes que se tramitan e outras no.

Unha factura da empresa de Equipamentos Comat y Valco de máis de doce mil euros por 4 bancos, 4 papeleras e 4 marquesinas que foron suministrados a finais do ano 2008 que vostedes rexeitan pagar coa excusa de que foron mercadas polo goberno anterior? Cantas facturas máis como esta? A canto ascende o caixón de facturas sen reconecer?

Responde a Sra. Alcadesa hai un problema de falta xustificación, parece ser que non está claro que se suministrara e para outros casos si hai duda que vaian ao xulgado.

Sobre o proxecto de ampliación da Ribeira da Senda do Louro, porque aínda a oposición non sabe nada.

Responde o Sr. Augusto Martínez que é un proxecto do grupo do goberno e que irá a Pleno no seu momento.

Dille que se fai unha cousa sen ter as autorizacións de propietarios.

Explica a Secretaria que hai que diferenciar entre a redacción do proxecto de obra e a dispoñibilidade dos terreos que pode ser por cesións ou iniciarse un proxecto de expropiación.

Pregunta porqué seguen tapadas parte das Sinais de madeira instalados no camiño de Santiago.

Responde a concelleira Sra. Alonso Cebreiro falta unha chapa que viñan con logo errado.

SECRETARIA

A **Sra. Giráldez Leirós**, pregunta que sabe o concello sobre os vertidos con lindano que botaron na década dos 80-90 fronte o Colexio, de entre este e o río, procedentes de Torneiros? Hai algunha fonte nas inmediacións? E prego que se abra investigación sobre esta zona e se analicen os mananciais e acuíferos da mesma, e de outras zonas sospeitosas.e que faga un control das obras que se realicen para ver se aparecen residuos deste produto.

Responde a Alcaldesa que se formulou un escrito e todavía non hai resposta pero que lle consta que están facendo medicións.

Prega que o goberno municipal se comprometa mediante un plan anual a eliminar barreras arquitectónicas e así cumprir a Lei. Os 20.000€ consignados nos orzamentos 2018 son moi escasos para o atraso que levamos despois de tantos anos sen facer nada.

O **Sr. Muíños Pumar**, di que non houbo unha información fluída coas Comunidades de Montes afectadas polo proxecto do Celta, entenden que tiñan que estar moito mais informadas para evitar os problemas ao final.

O tema do encendido do Nadal, como veciño de Mos síntese orgulloso de que sexa nesta parroquia, pero xa que houbo que suspendelo debería volver a traer unha carpa.

A **Sra. González Pereira**, pregunta que si o tramo do camiño do tranvía entre a N-550 e a vía do tren son privados porque ten letreiro de camiño e iluminación pública.

Responde a Alcaldesa di que non ten nada que ver.

A Alcaldesa antes de rematar recorda que onte empezaron as actividades do Nadal, que o día 23 será o concurso de Rondallas, festa de fin de ano o día 30 e o día 4 actividades dos nenos e o 5 de xaneiro a Cabalgata de Reis. Desexa boas festa, despide a sesión tocando o gaitero, Xulio Alonso o Himno de Mos

Levanta a sesión sendo as once horas e trinta e cinco minutos do dezaioito de decembro de dous mil dezasete, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

A Alcaldesa,  
Visto e praxe  
Nidia M<sup>a</sup> Arévalo Gómez  
Villaverde  
(Asinada electronicamente)

A Secretaria,  
M<sup>a</sup> Angeles García  
(Asinada electronicamente)